

Modificación produtividade DGT

Abril 2024

O pasado día 3 abril veu de aprobarse unha modificación da Instrución de produtividade do organismo.

A CIG non foi partícipe desa xuntanza ao non ser asinantes da vixente Instrución, e polo tanto non nos corresponde a nós asinar as súas modificacións, que afecta basicamente ao CP2 e CP9 do persoal laboral, e ao CP3.

En primeiro lugar debemos ter claro que a suba mensual nese concepto non supón que aumente o orzamento da produtividade, nin que en cómputo anual se vaia cobrar máis, senón que esa suba sae de repartir mensualmente o remanente do concepto de produtividade que se cobra en decembro.

A CIG si participou en anteriores xuntanzas achegando propostas a outro documento de Instrución de produtividade proposto pola Administración que era bastante máis ambicioso pero que a DGT acordou retirar das negociacións, en principio parece que para esperar a ter dispoñible a información actualizada sobre cargas de traballo nas xefaturas e así poder abordar unha nova Instrución ao longo do 2024 en lugar de parchear como se ben de facer.

A respecto da modificación realizada nas consultas previas realizadas pola DGT antes da súa formalización e publicación, a CIG manifestou o seu parabén a que o remanente de fin de ano teña esa distribución ao longo de todos os meses.

A respecto da redución de 4 a 2 tipos de xefaturas -A e B- para o cobro do CP2 e CP9 entendemos que é unha mellora respecto da situación previa aínda que defendemos a desaparición dese criterio hoxe en día máis que nunca: a situación de todas as xefaturas en materia de persoal é tan lamentable que todas estamos sobrepasadas polo traballo, por non falar da inclusión, sen criterio obxectivo algún, dos Servizos Centrais directamente no tipo A. Xa se sabe: quen parte e reparte...

Por outra parte: informavos que no borrador previo á modificación asinada este mes, tras presionar en distintas xuntanzas, a DGT presentou unha proposta de cobro na liña do que a CIG defendía: aumento mensual mínimo para o grupo B ata 200 euros no CP2 e diminución da diferenza entre xefaturas A e B tal como si se recolle para o CP3 do colectivo de examinadores. A DGT, sen explicar o motivo, deu marcha atrás e recuperou as cantidades propostas nun borrador que xa considerabamos superado e que foi o que definitivamente se aprobou, afrontando unha vez máis ao persoal administrativo.

Haberá que agardar para saber se desta volta a DGT vai cumprir cos seus compromisos e se traballe nunha nova Instrución de produtividade máis xusta e que sirva para incentivar quedarse nun organismo tan deficitario de persoal.